



Memoria descriptiva e gráfica

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO 2023/24

Código: 36018987	Centro: CRA ANTÍA CAL
Provincia: Pontevedra	Localidade: Gondomar

1. GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

1.1. Obxectivos relacionados coa contorna sociolingüística do centro:

- Recuperar tradicións da contorna do centro, buscando para iso a colaboración das familias e doutros organismos da contorna, poñendo en valor a nosa cultura nas súas diferentes manifestacións. **ACADADO**
- Publicar en redes sociais as actividades de dinamización da Lingua Galega que se desenvolvan na escola, reflexando a esencia das mesmas e a importancia da súa valoración e recuperación. **ACADADO**

2.2. Obxectivos para o alumnado

- Participar na escucha e recreación de contos e outros textos en galego, tanto traducións interesantes como contos de escritores e escritoras galegos e galegas. **ACADADO**
- Achegarse ao folclore tradicional galego a través da participación en diversas actividades musicais. **ACADADO**

- Participar en danzas e outras actividades que teñan como base música popular ou composicións de autores galegos. **ACADADO**
- Descubrir e participar en xogos populares galegos. **ACADADO**
- Valorar as manifestacións artísticas e culturais propias de Galiza coma lendas, contos e refráns. **ACADADO**
- Desenvolver unha actitude de valoración, respecto e agarimo cara a nosa lingua e tradicións. **ACADADO**

2.3. Obxectivos para o profesorado

- Amosar unha actitude de respecto, valoración e agarimo cara a nosa lingua e tradicións. **ACADADO**
- Ter boa disposición á hora de empregar o galego como lingua habitual de relación co alumnado e as familias. **ACADADO 80%**
- Empregar recursos educativos en galego tales como cantigas, poemas, contos...
ACADADO
- Achegar a lingua e o coñecemento da realidade sociocultural galega ao alumnado procedente do estranxeiro e ás súas familias. **Non se deu o caso**
- Contar contos en galego e de autores galegos apoiándonos en imaxes, xestos, contos de mesa... **ACADADO**
- Fomentar nas crianzas o emprego da lingua galega como lingua de relación.
ACADADO
- Investigar dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega a orixe autóctona de diferentes celebracións que se realizan ao longo do ano e deseñar actividades que



contribúan ao seu coñecemento, recuperación, desfrute e valoración por parte de toda a comunidade educativa. **ACADADO**

- Desenvolver na aula actividades propostas dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega para a recuperación de tradicións galegas ou conmemoracións salientables da nosa cultura. **ACADADO**
- Continuar co traballo de recuperación e integración na aula de textos de tradición oral da contorna. **NON ACADADO**
- Valorar as manifestacións artísticas e culturais propias de Galiza coma lendas, contos e refráns. **ACADADO**

2.4. Obxectivos relacionados coa situación lingüística do centro

- Empregar a lingua galega nas relacións coas familias e co persoal docente, tanto nas relacións orais como en todas as comunicacións escritas do centro (documentos oficiais, comunicacións, páxina web, redes sociais...) **ACADADO**
- Amosar dende a escola unha actitude de respecto, valoración e agarimo cara a nosa lingua. **ACADADO**
- Publicar en redes sociais as actividades que se realicen para o fomento do uso do galego e/ou coa finalidade de recuperar tradicións galegas da contorna.
ACADADO
- Informar ás familias da intencionalidade de recuperación de diferentes tradicións galegas na escola e fomentar a participación nas mesmas dende o coñecemento e valoración dos seus costumes e raíces orixinais. **ACADADO**
- Dotar á biblioteca do centro de fondos en lingua galega. **ACADADO**



- Conseguir que o galego siga a ser a lingua habitual do centro, tanto no plano oral como no escrito, e promover o seu uso en todos os actos internos e externos.

ACADADO

- Colaborar, se se dese a oportunidade, con asociacións e organizacións da contorna que promovan a cultura, a lingua ou outros valores do acervo patrimonial galego. **Non se deu a oportunidade**



2. ACTIVIDADES REALIZADAS

- Actividade de inauguración da biblioteca.

A biblioteca inaugurouse o día 25 de outubro, quixemos facelo coincidindo co día das bibliotecas escolares, que era o 24, pero o 25 foi mellor día para a nosa organización á hora de preparalo. Previamente á súa apertura mandouse un abalar a todas as familias informando detalladamente do horario da mesma, así como as instrucións básicas para empregala como usuarios.

Este curso as crianças das seis escolas viñeron á Biblioteca por quendas, dúas en cada quenda e facendo tres quendas de actuación. O obxectivo da actividade era coñecer ou lembrar a Biblioteca, e coñecer a nosa mascota **IMAXINICA**.

Desfrutamos de dous contos de mesa en galego: Frederick de Leo Lionni, contado en galego pola mestra María, e un conto estacional Waldorf contado pola mestra Iria. As crianças disfrutaron de dous contos fermosos contados con moita tenrura o que fixo que ese primeiro contacto coa nosa biblioteca fose positivo e motivador.



- **Samaín**


Na nosa escola celebramos un samaín tradicional e enxebre relacionado coa escuridade, a noite e as sombras e tamén o baleirado de cabazas. Dendo o equipo de DLG preparamos un documento con actividades relacionadas co Samaín e preparamos unha caixa para escola con todo o material necesario. Informouse ás familias por Abalar da tradición galega do Samaín e a necesidade de fuxir de influencias estranxeiras para poñer en valor O NOSO. As familias foron convidadas a celebrar o Samaín na aula coas crianças, participando no baleirado e decorado de cabazas e tamén na festa de luces e sombras que fixemos.

Dende os Equipos de Biblioteca e Dinamización da Lingua Galega, propuxemos traballar novamente os contos “**A que sabe a lúa**” de Michael Grejniec e “**O Grúfalo**” de Julia Donaldson a través dun teatro de sombras.

Tamén se mercou dende biblioteca para cada aula o conto “**O noso Samaín**” de Loretta Birott e “**Corre, corre cabaciña**” de Eva Mejuto para traballar esta festividade. Nesta ocasión e debido ás peculiaridades dos CRAS e a dificultade para desprazarnos a nosa Biblioteca, decidimos realizar esta actividade en aula. Así, as diferentes titoras ou mestras



especialistas, recrearon mediante as siluetas dos personaxes dos contos en teatro de sombras, unha historia que gustou ás nosas crianzas e nos achegou ao mundo dos contos dun xeito diferente.



- **25 de novembro. Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller.**

Para conmemorar esta data fixemos tres actividades organizadas convolutamente polos equipos de Biblioteca e DLG




-Nely, profe de música e membro do equipo de biblioteca, contou e cantou por todas as aulas o conto “Maruxa” de Eva Mejuto, conto galego relacionado coa data commemorada.

-A profe Silvia, coordinadora de DLG, fixo en todas as aulas unha sesión de contacontos na que leu o conto “Vivan as uñas de cores” de Alicia Acosta e Luis Amavisca. e a continuación realizouse un obradoiro no que as crianzas contaban con diferentes maquillaxes, adornos e prendas de vestir asignadas convencionalmente a un ou outro xénero coa idea de que se vestisen como quixeran e así romper con esos estereotipos.





- Contacontos 25 de Novembro na biblioteca central. A mestra Iria Mantilla preparou unha sesión de contacontos que se desenvolveu o día 23 de novembro ás 17 horas e á que estaban convidadas todas as familias do centro. Neste contacontos Iria contou “Cando as nenas voan alto” de Raquel Díaz Reguera e “Orellas de bolboreta” de Luisa Aguilar. Despois de escoitar os contos as crianzas e as súas familias realizaron algunas propostas relacionadas.



- **Contacontos na biblioteca. Tren de inverno**

O xoves 1 de febreiro pola tarde, as profes Chema e Silvia levaron a cabo unha sesión de contacontos na biblioteca do centro dirixida a toda a comunidade educativa. Contaron o conto “Tren de inverno” de Susanna Isern e a continuación realizouse un obradoiro





relacionado co mesmo no que aproveitando a temática do conto decoramos entre todas e todos a nosa biblioteca de inverno.

- **Entroido**

Do 5 ao 9 de Febreiro celebrámos o Entroido coas seguintes actividades:

- Mandas do Farricocque:

O luns cun peiteado diferente coloca os pelos para verte.

O martes cubre os brazos con imaxinación e busca na túa casa o que máis che faga ilusión.

O mércores viste a cintura con fermosura, grazá e soltura.

O xoves cubre as pernas con algo prestado, dalgún familiar que se anime a deixalo.

O venres anímate a entrar co disfraz que máis che faga disfrutar.

Este ano as mandas estiveron centradas en recuperar a tradición do Farricoque e do entroido en moitos lugares do rural galego, no que as persoas se ataviaban con roupas vellas e/ou emprestadas por familiares, dándolle creatividade e escapando do consumismo.

- PROPOSTAS EN AULA:

Ao longo da semana en tempo de propostas, fixéronse propostas relacionadas co entroido. O material necesario foi distribuído nas aulas días antes. Realizáronse caixas de entroido formadas por: contos sobre o entroido galego, tarxetas de entroido, pintura de cara, gomas elásticas, TNT, pratos de cartón, follas de millo, macarróns, fariña, material para as bandeirolas (folios de cores, cartolina, papel rugoso, papel charol...) e fariña.



CARAUTAS: con pratos de cartón, cordel e material funxible (pinturas, follas de millo, pompóns, cartolinhas...) §

ANTEFACES: con oveiras e material funxible. § COLARES: con cordel, pinturas e macarróns.

MANEQUÍNS: retais de tea, pinzas e gomas para deseñar.



DISFRACES: feitos con TNT, velcro, fieltro...





MARACAS:



DANZA DOS FELOS: O venres, para finalizar a festa realizamos a danza dos Felos. Esta danza foi preparada previamente pola coordinadora de dinamización nas aulas.

FARELADA: Outra das tradicións galegas do entroido é a farelada, na que os peliqueiros corren tras a xente e lanzan fariña. Na escola fixemos unha experimentación con fariña e diversos materiais de trasvase e realizamos as nosas fareladas en todas as aulas.





INSTALACIÓN ZAPATOS: Como ás crianzas lles fascina ataviarse con teas, complementos, roupas e sobre todo con zapatos de persoas adultas fixemos nas aulas unha instalación con diferentes complementos (zapatos, teas, garavatas, camisas...) achegados polas familias.

BANDEIROLAS: Preparación da festa elaborando bandeirolas para ambientar o espazo con diferentes materiais.

FESTA DE ENTROIDO: O venres 9 de febreiro tiñamos pensado realizar unha festa de Entroido xuntándonos todas as aulas en Vilaza. Debido á choiva esta festa tivo que ser cadaquen na súa aula. Ese día as crianzas disfrazáronse e disfrutamos de música tradicional e postres típicos de Entroido. Nalgúns aulas as familias incluso se animaron a facer na escola filloas coas crianzas.

- **8-M. Contacontos na biblioteca**



A profe Nely desenvolveu unha sesión de contacontos pola tarde na biblioteca central e aberta a toda a comunidade. Contou o conto "Daniela Pirata" de Susanna Isern e a continuación fíxose un obradoiro relacionado co mesmo.



- **Día do libro.**



- **As familias contan contos.**

Co motivo da Semana do Libro dende o Equipo de dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca quixemos facer visible a relación das familias coa literatura infantil, que tan presente está nos fogares e na escola. Por isto convidamos ás familias a contar un contiño na escola na semana do 15 a 22 de abril, aínda que debido á gran resposta recibida tivemos que ampliar estas datas. Foi unha experiencia marabillosa para todos e todas.



- **Día do libro. Fadas e animaliños do monte aloia.**

Este ano o Día do Libro celebrámolo cunha saída ao Monte Aloia para coñecer, da man da Fada do Aloia, os segredos que esa contorna tiña preparada para nós.



- **Letras galegas: Contacontos na biblioteca.**

O xoves 23 de maio houbo unha nova sesión de "Os contos de Imaxinica" ás 5 da tarde na biblioteca do centro, aberta a toda a comunidade. Nesta ocasión as profes Nely e Silvia organizaron unha sesión de contacontos tratando de buscar a sinerxia entre música e literatura que caracterizou a obra de Luisa Villalta, homenaxeada deste ano polo Día das Letras Galegas. Contáronse os contos "O oso e o piano" de David Litchfield (co acompañamento no piano de dous antigos alumnos do CRA) e "O elefante que perdeu o seu ollo" de Boniface Ofogo e Marc Taeger (contado por Silvia con acompañamiento musical de Nely co violín). Despois de contar os contos deixouse aos asistentes explorar libremente co son de diferentes instrumentos.



- **Festa dos maios**

O 24 de maio celebramos a "Festa dos Maios". Nesta festa fomos á ÁREA de Lecer de Peitieiros e entre toda a comunidade educativa elaboramos o noso Maio. Desfrutamos de tempo de convivencia e lecer e tamén da actuación de Lois Prego coas danzas do seu libro "Para cantar e bailar". Estas danzas foron preparadas previamente nas aulas pola coordinadora de DLG.



- **Festa de Fin de Curso. Actuación de C'ORQUESTRA PANTASMA**






- Nas nosas redes sociais publicáronse actividades realizadas ao longo do curso:

<https://www.facebook.com/search/top/?q=cra%20antia%20cal>

<https://www.instagram.com/cra.antia.cal/reels/?locale=uken1&hl=am-et>



Asdo. Silvia Costas Comesaña

Coordinadora EDLG



Asdo. Sara Aballe Rodríguez

Directora do centro